



GUÍA RÁPIDA

DOCUMENTO DE PESCA TURISMO

Plataforma de pesca (MOVITIC)

Introdución

O documento de pesca turismo permite declarar as actividades de pesca turismo realizadas por embarcacións autorizadas para esta modalidade. A través deste documento rexístrase a data da actividade, o número de turistas participantes e os ingresos obtidos, permitindo dispoñer dun rexistro das actividades desenvolvidas. A aplicación MOVITIC permite xestionar a expedición e consulta destes documentos.

Funcionalidades dispoñibles

Expedir documento: Creación dunha nova declaración de pesca turismo, indicando a data da actividade, o número de turistas e o importe percibido. **Consultar documentos:** Localización e consulta do detalle de documentos expedidos, con posibilidade de descarga en formato PDF.

CICLO DE XESTIÓN DO DOCUMENTO

1

Expedición

- Selección da embarcación (provedor).
- Data da actividade.
- Número de turistas.
- Importe percibido.
- Xeración do documento.

2

Consulta

- Procura mediante filtros.
- Acceso ao detalle.
- Descarga de PDF.

Información importante

Antes de utilizar esta funcionalidade teña en conta que:

- Só poden xestionar estes documentos os titulares ou representantes autorizados de embarcacións habilitadas para pesca turismo.
- A embarcación debe dispoñer de autorización para o desenvolvemento desta actividade.
- A data da actividade pode declararse cun máximo de 30 días de antigüidade.
- O número de turistas debe ser superior a cero.
- Se a actividade non xerou ingresos, debe indicarse un importe de 0 €.

1 Expedir documento de pesca turismo

1. Acceder a funcionalidade

Desde o menú principal de MOVTIC, pulse sobre a opción **"Pesca turismo"** e seleccione **"Expedir"**.

2. Seleccionar o proveedor

Selecione a embarcación para a que desexa realizar a declaración.

Se unicamente dispón de acceso a unha embarcación, este paso cumprímntase automaticamente.

3. Seleccionar a data da actividade

Indique a data na que se realizou a actividade de pesca turismo.

A data non pode superar o límite máximo permitido de declaración (30 días).

4. Indicar o número de turistas

Introduza o número de turistas que participaron na actividade.

O valor debe ser superior a cero.

5. Indicar o importe percibido


Introduza o importe total obtido pola actividade.

Se non se produciu ningún ingreso, indique o valor 0.

6. Expedir o documento

Unha vez incorporadas todas as capturas, pulse **"Expedir"**.

Se a información é correcta, a aplicación xerará o documento e asignarlle un código identificativo.



2 Consultar documentos

1. Acceder a consulta

Desde a funcionalidade “Pesca turismo”, pulse “Consultar”.

A aplicación mostrará os documentos ordenados de máis recentes a máis antigos.

2. Utilizar filtros de procura

Se desexa localizar un documento concreto, pulse sobre a zona de filtros.

Pode filtrar por:

- Código do documento.
- Situación.
- Data de expedición.
- Data de actividade.
- Nome da embarcación.
- Permix.
- Marcas externas.
- Rexistro comunitario.
- Número de turistas.
- Ingresos percibidos.

Unha vez cumprimentados os criterios, pulse “Filtrar”.



3. Consultar o detalle

Selecione calquera documento da listaxe para acceder a toda a súa información:

- Datos do proveedor.
- Datos da actividade.
- Número de turistas.
- Importe declarado.
- Sinatura electrónica.

4. Descargar o PDF

Pulse a icona de descarga situado na parte superior da pantalla para obter unha copia PDF do documento.



DECLARACIÓN DE PESCA TURISMO

DATOS DO EMISOR

ENTIDADE EMISORA: _____ C/I: _____

DIRECCIÓN: _____ TELÉFONO: _____

DATOS DO PROVEEDOR

NOME: _____ PERMEX: _____

MARCAS EXTERNAS: _____ REGISTRO COMUNITARIO: _____

INDICATIVO INTERNACIONAL: _____ PAVILLÓN: _____

NOME DO ARMADOR: _____ NIF DO ARMADOR: _____

DIRECCIÓN DO ARMADOR: _____

DATOS DA ACTIVIDADE

DATA DA ACTIVIDADE: _____ NÚMERO DE TURISTAS: _____

IMPORTE (€): _____